


NA ESCOLA

Núm. 90


La Región

Xoves, 9 de Maio do 1991

DISTRIBUCION E COMPARACION DE ALUMNOS



DISTRIBUCION E COMPARACION DE ESCOLAS



Distribución e comparación das escolas

	1986-87		1989-90	
Unilingües catalanes	697	24%	976	36%
Bilingües evolutives	1.124	39%	1.078	40%
Bilingües estátiques	1.014	35%	645	24%
Unilingües castelanes	60	2%	31	1%

Distribución e comparación dos alumnos

	1986-87		1989-90	
Alumnes en català	401.566	42%	467.382	56%
Alumnes en les dues llengües	312.373	33%	278.542	34%
Alumnes en castellà	231.832	25%	82.050	10%

Distribución e comparación dos profesores

	1986-87		1989-90	
Professors amb domini del català	28.273	78%	26.843	78%
Professors amb experiencia	21.887	61%	25.040	73%
Professors amb titulació	23.488	65%	25.652	75%

Evolución do ensino catalán e en catalán

Como cada curso escolar, o Sedec (Servei d'Ensenyament del Catalá da Generalitat de Catalunya) organiza no actual Seminarios de Asesoramento Didáctico dirixidos principalmente aos niveis de educación infantil e primario, tratando de cubrir tanto a realidade xeográfica da Comunidade de Cataluña como as necesidades diversificadas que a evolución do ensino do idioma catalán e en catalán se van planteando.

Existe o "Programa de Inmersión" con cursos intensivos de iniciación para parvulistas que sexan titores por primeira vez dun grupo de inmersión e tamén para os mestres das escolas que deben levar a cabo este programa.

Por outra parte, ofrécese seminarios de nivel, de ciclo e asesoramentos puntuais. Os seminarios de ciclo atenden ás necesidades do profesorado de parvulario e ciclo inicial. Os asesoramentos puntuais consisten en sesións únicas de traballo para escolas que inician o programa de inmersión ou que necesitan abordar aspectos concretos da súa aplicación.

O denominado "Programa de reforzo" dirixese aos profesores auxiliares de conversación, que son mestres que fan reforzos de linguaxe oral algúns días á semana con grupos reducidos de nenos das aulas de parvulario e ciclo inicial das escolas que realizan o programa de inmersión. Para estes profesores organizanse unhas xornadas de traballo a fin de proporcionarlles técnicas e materiais que estimulan a expresión oral.

Os seminarios de "Educación infantil-Fogar infantil" están destinados a mestres de nenos de 0-3 anos, insistindo na importancia da adquisición da linguaxe neste período.

Ofrécese finalmente seminarios para mestre de "Ciclo medio" con periodicidade quincenal, nos que se plantean o proceso de elaboración e di-

mensións da tipoloxía de textos, a corrección do texto escrito e o uso oral da lingua. Existen seminarios de cidade e de comarca e seminarios de centro para os profesores que teñen interese por traballar os aspectos lingüísticos da educación.


Os seminarios do "Ciclo Superior" teñen como tema a aproximación á literatura catalana. Téntase unha reflexión sobre a necesidade de introducir a literatura neste ciclo en relación coa importancia da lectura.

Compre destacar finalmente o "Programa para alumnos de incorporación tardía" para profesores que acollan alumnos proveñentes doutros contextos culturais.


A acción principal no ensino secundario consistiu na organización de cursos de Normalización Lingüística a partir dos que os profesores obteñen a acreditación para ensinar en catalán.

Compre destacar os seminarios do gusto pola lectura e os talleres de lingua e literatura.


COMPARACION DO DOMINIO DE CATALAN DOS PROFESORES



COMPARACION DA EXPERIENCIA DOS PROFESORES



COMPARACION DA TITULACION DE CATALAN DOS PROFESORES



LINGUISTICA

Situación da lingua na escola primaria

O conxunto de cadros e gráficos tentan informar sobre a evolución positiva seguida pola normalización lingüística no sistema educativo en Cataluña, segundo os datos oficiais (Noticias del Sedec, outubro de 1990).

As escolas aparecen divididas en catro categorías:

- Unilingües (todo o ensino en catalán).
- Bilingües evolutivas (ensino en catalán nos primeiros niveis e que en cada curso van aumentando un, ata completar todo o ensino primario).
- Bilingües estáticas (só algunhas áreas en catalán, é dicir, só fan algunhas horas do horario escolar en catalán).
- Unilingües casteláns (escolas que fan todo o ensino en castelán).

Os alumnos divídense tamén en categorías:

- Alumnos que reciben todo o ensino en catalán.
- Alumnos que reciben o ensino nas dúas linguas.
- Alumnos que reciben todo o ensino en castelán.

Finalmente teñense en conta as características dos profesores:

- Dominio da lingua catalana.
- Experiencia de máis de tres anos na docencia en catalán.
- Titulación en lingua catalana.

As cantidades totais disminuíron debido o descenso da natalidade.

Seguen o "programa de inmersión" 684 centros e 51.433 alumnos.

HOMENAXE EN GALICIA A FRANCISCO FERRER I GUARDIA

O tranquilo desenrolo do ensino tradicional, conservador, católico e patriótico veuse alterado pola aparición de dúas tendencias de dous movementos pedagóxicos, a finais do século XIX. O primeiro deuse no eido do ensino superior e universitario. Cecaís o seu nacemento fose motivado polas crispacións e liortas dialécticas que acarrearón a morte da I República.

“Escuela Moderna”, legado ferrerista”

□ “Contribue a preparar unha humanidade máis boa

O que si sabemos é que ese movemento foi amamantado e criado baixo o clima protector da doutrina filosófica krausismo. Estamos a nos referir a “Institución Libre de la Enseñanza”. Nos é este Instituto o obxectivo hoxe da nosa atención, máis si queremos asinalar como unha doutrina filosófica que tivo tan forte repercusión na España e se apoderou tan vivamente da clase intelectual de aquil tempo, e pronto desaparecen sin deixar máis rastro que, ao noso xuício, foi aquela interesante institución. Hoxe ninguén fala de Krause nin do krausismo. Cecaís esta iñorancia sexa debida a mistura que naquil tempo de ter tan misteriosa doutrina coa non menos misteriosa, a masonería. O segundo movemento pedagóxico deuse no eido do ensino primario, e foi cuberto pola filosofía social desprendida das doutrinas anarquistas e libertarias da I Internacional.

Istas doutrinas libertarias tiveron cumprido e extenso desenvolvemento na maioría das cidades industriais de España. Tivo que ser pois Barcelona, a cidade eleixida por Francisco Ferrer i Guardia para establecer na España a súa “Escuela Moderna”. Xa en Bruselas e en Roma se estableceron escolas semellantes, máis Ferrer non se daba conta que España non era Bélxica, nin Italia, e si se daba conta era tal o seu entusiasmo e amor polo ensino e a súa pro-

xectada “Escuela Moderna”, que non lle importaban os atrancos e disgustos que ai atopar na súa empresa educativa.

Participaban os dous inimigos —a igrexa católica e o libre pensador Francisco Ferrer, da mesma importancia abultada i extremada, que ambos tiñan da influencia da escola na vida e desenrolo da infancia. Ambos coidaban que era a escola a principal lanza para influir na conciencia da humanidade. Un, nun senso, o outro no contrario. O cheque era inevitable, e a pesar da desigualdade das forzas, tan cativas nos proxectos de Ferrer; era o medo o futuro e o spallamento entre os traballadores dos seus principios libertarios, xunto coa intolerancia tan característica da eirexa española, o que facía prever un final trágico.

¿Qué foi pois a Escuela Moderna? ¿Cúais, os fins e os medios empregados pra que tan cativa institución erguera en contra dela a alporizada eirexa católica, e os menos alporizados poderes fácticos da España da quel tempo?


Escoitemos a Ferrer (párrafos extraídos do seu libro “La Escuela Moderna”). “.....Iluminado siempre por la luz inextinguible del ideal, concebí y llevé a la práctica la creación de la Liga Internacional para la educación racional de la infancia, en cuyas secciones, extendidas ya por todo el mundo, se agrupaban los hombres que represen-



Fernández Mazas visita la exposición en la Facultad de Humanidades.

tan la flor del pensamiento y la energía regeneradora de la sociedad, cuyo órgano es “L'Ecole Renouée”, de Bruselas, secundada por el Boletín de la Escuela Moderna de Barcelona y la “Scola Laica”, de Roma, que exponen, discuten y difunden todas las novedades pedagógicas encaminadas a depurar la ciencia de todo contacto impuro con el error, a desaparecer toda credulidad, a la perfecta concordancia entre lo que se cree y lo que se sabe.....” “No había antes enseñanza en el verdadero sentido de la palabra, había tradición de errores y preocupaciones dogmáticas, de carácter autoritario.....” “La influencia de la Escuela Moderna extendida por las demás escuelas que a modo de sucursales se fueron creando por la adopción de su sistema, sostenidas por centros y sociedades obreras, se introdujo en las familias por mediación de los niños, quienes iluminados por los destellos de la razón y de la ciencia, se convirtieron inconscientemente en maestros de sus mismos padres.”

“La extensión manifiesta de esa influencia se atrajo el odio del jesuitismo que, como víboras en sus escondrijos, se cobija en los palacios, en los tem-



Cartel anunciador de la exposición.

plos y en los conventos de Barcelona, y ese odio inspiró el plan que cerró la Escuela Moderna, cerrada aún, pero que en la actualidad reconcentra sus fuerzas, define y perfecciona su plan y adquiere el vigor necesario para alcanzar el puesto y la consolidación de verdadera obra indispensable

del progreso”. Y después de su proceso e prisión na reaparición do Boletín (1908), copiamos: “La Escuela Moderna continúa en marcha, porque su misión es redentora y contribuye a preparar una humanidad más buena, más perfecta, más justa que la humanidad presente”.

A. F.M.

Feitos que deron lugar á “Semana trágica”, de Barcelona

E agora que xa coñecemos o que fai a Escuela Moderna, compre rematar esta presentación con relembro sinxelo dos feitos que deron lugar a aquela “Semana trágica”.

• Inaugurase a Escuela Moderna o día 8 de setembro de 1901 (con 30 alumnos: 12 nenas e 18 nenos).

• Ao final dos cursos 1901-02-03-04 existían espalladas por toda a geografía nacional 32 escolas, de elas 9 en Barcelona capital.

• O 31 de maio de 1906, a saída da boda do rei Alfonso XIII, o anarquista Mateo Morral lanzou unha bomba que causaba numerosos mortos. De resultados do atentado foi clausurada la “Escuela Moderna”, suspendido o seu boletín i encarcelado e procesado Francisco Ferrer i Guardia na cárcel Modelo de Madrid até o mes de xuño de 1907.

• Liberado da prisión e do proceso reabriu de nova a Escuela Moderna e a publicación do seu boletín.

• 9 de Xullo de 1090: A prensa publica a

noticia de que os mouros atacaron a algúns grupos de obreiros que traballaban na “Compañía Española de Minas del Rif”, a uns sete kilómetros de Melilla. Cumpría axudar ao sultán Muley Hafid a restablecer a autoridade.

• O Goberno presidido por Antonio Maura ordena o embarque dos reservistas.

• Orden de folga: protestar contra a guerra en xeral e contra a mobilización de reservistas en particular.

• A UGT e o Partido Socialista habían acordado a folga xeral para o 2 de agosto.

• “Solidaridad obrera”, órgano da CNT, adianta a folga para o día 26 de xullo.....Escomenza coa queima do convento dos Escolapios na Ronda de San Pablo.....Seguen manifestacións, protestas e queimas de eirexas e conventos, até que a orde foi restablecida.

• No xuício sumarísimo conseguinte foron condenados a morte varios procesados.

• O día 13 de outubro de 1909 foron fusilados en Montjuich cinco dos condenados: o

guardia Hoyos, o xoven Clemente García, Barot, Malet y Francisco Ferrer i Guardia.

F. Rivas, periodista, socialista, e que foi un dos complicados nos sucesos de aquela semana trágica, e que pudo fuxir a Francia, dice no seu libro “La semana trágica”: “.....Francisco Ferrer no interviño.... nadie absolutamente nadie, podía haber probado su ingerencia en los sucesos de la semana trágica, ni nates, ni durante, ni después de aquellos sucesos”.

Había que desfacerse de un tan teimoso propagandista laico, traballador e intelixente, que puña en perigo o predominio relixioso no ensino e o orden constituído na sociedade. Non había que desaproveitar a ocasión e a súa inclusión na lista dos cinco executados.

Máis o crimen cometido na persoa de Francisco Ferrer, saíulle caro aos poderes fácticos. En toda Europa levantouse unha morea de protestas, mitins e manifestacións que deron orixe a “lenda negra”, que sobre España aínda colea polo mundo enteiro.

Aplaudimos a homaxe

Aplaudimos e felicitamos a Nova Escola galega, pola súa idea de lle adicar a mes de maio á lembranza de Francisco Ferrer i Guardia.

A exaltación e divulgación da súa labor pedagóxica, racional e científica era necesaria pra despojar a súa figura dos capirotos e inxurias dos que o revestiu a eirexa católica; e tamén limpar a súa imaxe dese baño de sectarismo que aínda perdura nos medios de ensino estatal.

E agora que o seu laicismo foi absorbido pola educación do Estado, copnfirmamos ver algún día non moi lonxano, presidir o seu retrato de protomártir do ensino primario, a tarefa diaria nas nosas escolas de EXB.

A.F.M.

HOMENAXE EN GALICIA A FRANCISCO FERRER I GUARDIA



A exposición estivo do 2 ao 7 na Facultade de Humanidades de Ourense.

**Ferrer i Guardia
foi fusilado
inxustamente
no ano 1909**

**A exposición fotográfica é
unha testemuña única da época**

□ Recorre Galicia perante todo o mes de maio

A exposición fotográfica adicada o pedagogo catalán Francisco Ferrer i Guardia e a Escola Moderna, que abriu a súa andaina por Galicia en Ourense (do 2 ao 7 estivo na Facultade de Humanidades) foi elaborada polo Ateneu Enciclopedic de Cataluña, baixo a coordinación de Pere Solá, profesor da Universidade Autónoma de Barcelona y especialista en Pedagogía Libertaria e en Ferrer i Guardia. A exposición está orgaizada polo Colectivo de Nova Escola Galega, Universidade de Vigo, Universidade de A Coruña e a Universidade de Santiago, colaborando numerosas entidades de toda Galicia (de Ourense a Facultade de Humanidades, a Escola de Maxisterio, Departamento Municipal de Educación, Cruz Vermella e Aula de Cultura de Caixa Galicia). Do 9 ao 14 a exposición estará en Santiago, do 16 oa 22 en A Coruña e do 24 a 30 en Pontevedra.

A exposición está coordinada por Xosé Manuel Cid Fernández, profesor de Pedagogía no Campus Universitario de Orense da Universidade de Vigo.

¿Cómo xurdiu a idea de traer a Galicia esta exposición homenaxe a Ferrer i Guardia?

—A idea concreta de facer este homenaxe xurdiu tras unha conversa con José Luis López Cid, quen me informou da existencia dunha interesentísima exposición sobre Ferrer i Guardia no exilio, instalada no Museu Jean Jaures, de París. Esto me levou a poñerme en contacto con Pere Sola, quen me dixo que se estaba preparando en Cataluña unha exposición máis ampla sobre a figura deste pedagogo creador da "Escuela Moderna". Dous anos dempois esta exposición fotográfica cristalizou coincidindo fai dous anos co 80 aniversario do seu fusilamento. A exposición foi promovida por Pere Solá i elaborada polo Ateneu Enciclopedic de Cataluña. A Galicia a exposición chega cun ano de retraso, pero o realmente importante é tela entre nos, xa que se trata dun documento histórico-social,

educativo e sindical, imprescindible para coñecer unha época de gran trascendencia histórica.

¿Cal é a importancia do ferrerismo?

—Francisco Ferrer i Guardia non foi un gran pedagogo. O seu discurso pedagóxico non está moi elaborado, como o dos grades pedagogos Freinet, Freire, etc... Pero nembargantes tivo a gran sorte de poder fundar a "Escuela Moderna" que moi pronto se expandiu por toda Barcelona. Era unha proposta moi clara e moi necesaria. Baseada en principios tan claros como o de antiautoritarismo, antidogmatismo e ensino racional e científico, frente os desvirtuados valores impostos entre outros pola irexa católica. Estas escola tivo unha grande incidencia no mundo obreiro e laico da época. Pero realmente a cuestión pola que a figura de Ferrer i Guardia adquiriu grande relevancia internacional foi o feito da súa inxusta morte perante a tristemente coñecida como "Semana trágica" de Barcelona. Ferrer i Guardia foi fusilado o 12 de outubro de 1909 pese a non ter implicación algunha nos feitos que se lle imputaban. A súa morte foi unha especie de escarmento, co que o Goberno trataba de poñer freno a movemento obreiro, nunha época na que a influencia da escola no contexto social era moi grande".

¿Cal e o aspecto máis destacado da exposición?

—Eu nos falaría de aspectos senon do conxunto mesmo da exposición. Podo dicir anecdoticamente que eu sentínme como un neno que vai por primeira vez a Escuela Moderna, i é que a través da exposición seguese perfectamente o contexto social da época, as ideas pedagóxicas de Ferrer, etc...

No seu libro "Apuntes da nosa historia escolar" hai referencias a influencia da Escuela Moderna en Ourense.


—Sí. No primeiro capítulo faise esta referencia a escola laica en Ourense, para a cal contei coa inestimable colaboración dun alumno de aquela escola, Luis Taboada.

**Un ferrerista
de Lobios**

A exposición sobre Ferrer i Guardia generou perante a súa estancia en Ourense varias anécdotas. A máis singular foi a visita realizada a mesma por Xosé Iglesias Paz, un orensano de Lobios, que foi alumno aventaxado da Escuela Moderna fundada polo pedagogo barcelonés.

Xosé Iglesias, emigrou cos seus pais a Barcelona e alí tivo oportunidade de cursar estudos nunha das "escuelas modernas" creada por Ferrer i Guardia. Membro destacado da CNT, estivo exiliado en Francia, voltando a España en 1948 como delegado jurídico da citada central. Detido e condeado a morte, a súa pena foi conmutada finalmente pola de 30 anos de cadea. Na actualidade, os seus 75 anos de idade, vive en Suiza, sendo propietario dunha editorial que ven de traducir o italiano o libro sobre a "Escuela Moderna", de Ferrer i Guardia.

Xosé Iglesias a instancias do coordinador xeral da exposición, Xosé Manuel Cid, reuniuse cunha serie de persoas interesadas no tema, nunha charla informal na que fixo un amplo recorrido polas as suas vivencias históricas da época.



Un momento de la mesa redonda sobre "A escola guerrista e o seu contexto "O Español en Galicia".

□ TIRA

Neste artigo pretendemos aportar algunhas das reflexións que no seo dos movementos de renovación pedagóxica, vimos realizando sobre a xestión dos centros escolares, tanto no tocante a situación actual dos consellos escolares, como as alternativas para a súa mellora. Partimos de que a participación na xestión dos centros escolares é un feito de por si educativo.

Comprometerse a participar

□ *Xestionar os centros: comunidade educativa e consello escolar*

Para nos a participación será o instrumento que conforme unha verdadeira comunidade educativa e faga posible unha xestión democrática do centro escolar.


¿Quén forma a comunidade educativa? Tódalas personas que están implicadas e que participan dunha ou doutra maneira no proceso educativo: alumnos e alumnas, profesores y profesoras, as familias (pais e nais), cun peso máis evidente no ensino primario ca no secundario, o personal non docente.

Non hai que esquecer tampouco que toda a escola, todo centro educativo, forma parte dunha comunidade social máis ampla, que é aquela na que está inserto. Pode ser un barrio, unha parroquia, unha vila, un concello ou unha bisbarra. Para

nós, esa comunidade social, que inflúe decisivamente na escola (na configuración dos obxectivos, na dotación dos recursos...) é parte integrante da comunidade educativa. Sen esquecer tampouco que todo centro forma parte dunha comunidade cultural máis ampla con tódalas implicacións que leva consigo.

Resumindo: considerámola comunidade educativa como un conxunto do que forman parte os membros dos elementos citados, aínda que uns e outros teñen importancia diferente, en función da maior ou menor implicación directa co traballo especificamente educativo.

O consello escolar do centro é o órgano que a lexislación actual establece para canalizar a participación de tódolos



¿Coñécense os dereitos e deberes de alumnos e profesores?

membros da comunidade educativa. Os oito anos de funcionamento da Lode e de toda a normativa que a desenvolveu amosar tanto as súas insuficiencias, como as dificultades e obstáculos que hai que superar para acadar unha xestión participativa das nosas escolas.

Insuficiencias que radican moi fundamentalmente no modelo uniformista que a Lode establece para a xestión do centro destacando sobre maneira a figura do director ou directora, cunhas funcións xerárquicas que todo o mundo coñece, insuficiencias tamén, na concepción restrinxida da comunidade educativa, cunha cativa proxección do centro sobre o seu entorno social máis inmediato. Insuficiencias de identificar de facto, consello escolar con comunidade educativa.

Dificultades que radican na falta de corresponsabilidade, cooperación e coordinación entre as iniciativas dos diferentes estamentos do consello es-

colar. Dificultades que se multiplican polo descoñecemento de moitas das persoas que o compoñen sobre as competencias e alcance das decisións que corresponde ou pode tomarlo consello escolar. ¿Saben os pais e nais como funciona por dentro unha escola? ¿Coñecen todos os membros do consello escolar os dereitos e deberes, do alumnado e do profesorado? Con certeza que responder a estas interrogantes aliviaría moitas tensións.

Nunha situación como a actual non é de extrañar que cada vez sexan menos as candidaturas que optan a dirección dos centros, ou mesmo a representar o profesorado no consello.

Resumindo: o actual marco da Lode plantexa insuficiencias e dificultades para un funcionamento óptimo da comunidade educativa que pode levár, se non o correximos a tempo, a unha involución do modelo de xestión participativa da Lode.

MANUEL BRAGADO

Alternativas de mellora do servicio público educativo en Galicia

Quen defendémo-la mellora do servicio público educativo debemos facer un esforzo por definir un modelo de xestión, superador da uniformidade actual e baseado na autonomía pedagóxica organizativa e económica dos centros.

Na nosa opinión estas alternativas de mellora deben estar rexidas polas seguintes orientacións:

- *Reforza-la idea de que cada centro debe contar cun proxecto educativo no que se expliciten os obxectivos, os valores que se queren transmitir, as formas de relación interpersonal, os aspectos organizativos e pedagóxicos básicos que configuren a actividade escolar, de acordo coas condicións da comunidade educativa e dos seus integrantes, respetando a súa articulación dentro do ordenamento do sistema educativo.*

O miolo do proxecto educativo ten que xurdir do claustro, pero de pouco serviría se non é aceptado e impulsado polo conxunto

da comunidade educativa do centro. Para elo requirese: o recoñecemento da autonomía de cada centro para ter un modelo propio de organización, a mellora das condicións de traballo do profesorado (tanto a nivel de xornada como de clasificación) e das de infraestrutura dos centros, así como aumento das súas dotacións e recursos.

- *Reforza-la idea de equipo directivo fronte a figura unipersonal da dirección. Para levar adiante o proxecto educativo e a intervención do centro, é necesaria a realización dun conxunto de tarefas de xestión e coordinación que son indispensables para facelas operativas.*

Estas tarefas deben estar realizadas por un equipo que se responsabiliza e compromete co proxecto educativo do centro. Este equipo colexiado deberá de equilibra-la la capacitación suficiente para abordálas coa súa capacidade para recollelas iniciativas de todo grupo docente.

En definitiva, tratarase de conxuga-la elixibilidade e a temporalidade dos equipos directivos.

- *Reforza-la idea de que hai que formar para participar. Formar ó colectivo de nais e pais, no referido á funcionamento dun centro escolar, ós seus órganos de xestión e goberno, ás características do proxecto educativo que se leva adiante. Formar ó colectivo do alumnado na participación como un valor democrático de primeiro orde, estimulando a realización de asambleas de curso, de delegados e delegadas ou de cantas instancias, en cada caso, se crea conveniente.*

- *Reforza-la idea de que a xestión do centro é unha labor educativa de primeiro orden, coas dificultades e atrancos hoxe existentes, require o compromiso e o esforzo do conxunto da comunidade educativa e moi especialmente, do profesorado que defende o modelo de escola pública.*

M.B.

□ LIBROS

“Facermos cómics”, de Agustín Fernández Paz

Os cómics, como o cine a televisión ou a publicidade forman parte da nosa cultura contemporánea.

O cómic é, primordialmente, un medio narrativo, unha canle para contar unha chea de historias, empregando unha linguaxe e uns códigos específicos, baseados nunha síntese das linguaxes verbal e icónica.

Imaxes e palabras que trascenden a simple xustaposición, como elementos dun todo con regras propias.

A utilización dos cómics nas aulas, nos centros escolares, é un recurso que ten cabida na meirande parte das áreas educativas.

Tendo un carácter interdisciplinar, o seu lugar principal está na área de linguaxe e, en menor medida, na área de expresión plástica.

“Facermos cómics”, o material elaborado polo profesor Agustín Fernández Paz presenta as múltiples posibilidades de utilización dos cómics nos centros escolares, abrangendo dous aspectos complementarios e interrelacionados: ler cómics e facer cómics.

Obxectivo

Respondendo así a un mesmo obxectivo, que os alumnos e alumnas se fagan donos dos códigos formais e narrativos propios deste medio, e que logo sexan quen de utilizálos, converténdose en autores dos seus propios comics.

Esta é unha guía útil para os profesores que queiran, tamén, utiliza-lo cómic como un medio auxiliar, formar unha comiteca ou analiza-la linguaxe, formal e ideolóxica, dos cómics.

“Facermos cómics” inclúe unha completa proposta de actividades a desenvolver nas aulas, o redor do mundo desta narrativa debuxada, que pode ser de utilidade tanto para o profesorado do ensino primario como secundario.

Unha proposta suxerente e innovadora para axudar ó profesorado na utilización dun dos medios de comunicación do noso tempo.

O libro ten 28 páxinas e o seu precio é de 375 pesetas.

GARABULLINO



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

